

Nota informativa sobre entrega de portátiles

A Xunta enviou ao centro o pasado 3 de abril **tres ordenadores portátiles con conexións 4G a internet gratuítas**, destinados a familias con menos recursos e cuxos fillos cursen Secundaria, Bacharelato ou Formación Profesional. Esta medida, aprobada no último Consello da Xunta, realízouse en colaboración cos operadores R, Vodafone e Orange. A familias recibiron os equipos e a conectividade como préstamo persoal para facilitarlles aos seus fillos o seguimento da actividade educativa, mentres dure o estado de alarma.

Os portátiles entregáronse ás familias a través do equipo directivo do centro de ensino os **días 6 e 7 de abril**. Atendendo ás instrucións da Consellería, os tres equipos con conectividade distribuíronse entre as familias atendendo á súa situación socioeconómica, priorizando o alumnado dos cursos de final de etapa que titulen (2º de Bacharelato e 4º da ESO) e a aquelas familias que non dispoñen nos fogares de ordenador nin de conexión a internet.